



**Recomendacións
para informar
correctamente
sobre
VIOLENCIA DE XÉNERO**

POR QUE RECIBES ISTO

Co gallo do 25 de novembro, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres, Xornalistas Galegas achega aos principais medios de comunicación de Galicia unha breve recompilación de consellos e boas prácticas para comunicar correctamente sobre violencia de xénero, así como as accións a evitar para non caer en enfoques sensacionalistas, morbosos, sesgados, estereotipados ou sexistas.

Ao longo do ano 2021, a asociación vén de detectar un bo número de malas prácticas nos medios de comunicación galegos á hora de abordar as violencias machistas. Non é un caso illado, senón un problema estrutural que afecta a todos os medios do sector, prensa escrita e dixital, radio e televisión.

Comunicar con perspectiva de xénero é urxente para acadarmos unha sociedade igualitaria a través dunha información rigorosa, responsable e respectuosa coas mulleres.

Se tes dúbidas ou calquera consulta relacionada co tratamento informativo da violencia de xénero, contacta con nós:

xornalistasgalegas@gmail.com

01

NON É UN SUCESO

A violencia de xénero non é un suceso, senón unha problemática social moi específica que afecta a moitas mulleres e persoas achegadas. Por ese motivo, as informacións sobre violencia machista non deben catalogarse en ningún caso na sección ou baixo a etiqueta *Sucesos*.



#MELLORASÍ



~~Sucesos~~.- Detenido por violencia de género el concejal del PSOE Ignacio Magaña

Sucesos.- Detenido por violencia de género el concejal del PSOE Ignacio Magaña ... como presunto autor de un delito de violencia de género,...

Hace 1 semana



02

NON É UN "CRIME PAIXONAL"

Cómpre desterrar a expresión "crime paixonal" para referirse á violencia de xénero. A violencia é violencia, e non pode xustificarse nin edulcorarse con datos nin adxectivos que apelan aos afectos.



El Progreso de Lugo

21 de enero · 🌐

#Galicia 📍 Una amiga de la asesinada en Oza-Cesuras: "Cristina fue una víctima colateral"
▶ La hipótesis del crimen pasional gana fuerza, ya que el marido de la difunta y la esposa del homicida habían mantenido una relación "estrecha"



ELPROGRESO.ES

Una amiga de la asesinada en Oza-Cesuras: "Cristina fue una víctima colateral"

La hipótesis del crimen pasional gana fuerza: el marido de la difunta y la esposa del homici...

03

NON MORREN, MÁTANAS

As vítimas de violencia de xénero non morren: son asasinadas. O autor do asasinato debe aparecer sempre no enfoque da información, exista ou non presunción.



#ASÍNON

Atletismo

Asesinan a la plusmarquista mundial de 10 km en ruta

MADRID / EUROPA PRESS

Athletics Kenya, la federación de atletismo de Kenia, informó en el día de ayer del fallecimiento a los 25 años de edad de Agnes Jebet Tirop, plusmarquista mundial de 10 kilómetros en ruta. La deportista fue hallada muerta tras ser apuñalada en su domicilio.

En el comunicado, también se detalla la supuesta respon-

sabilidad de su pareja. «Tirop fue encontrada muerta en su casa en Iten después de que supuestamente fuera apuñalada por su esposo. Todavía estamos trabajando para descubrir más detalles sobre su desaparición. Kenia ha perdido a una joya y una de las gigantes del atletismo de más rápido ascenso en el escenario internacional», lamentó Athle-

tics Kenya en su escrito.

El mes pasado, Tirop, estableció un nuevo récord mundial en los 10 kilómetros en ruta durante una carrera disputada en Alemania, donde paró el cronómetro en 30:50. Además, conquistó dos bronce mundiales en 10.000 metros (2017 y 2019) y fue cuarta en esta misma prueba en los recientes Juegos Olímpicos de Tokio.



Agnes Jebet Tirop.



#MELLORASÍ



La Voz de Galicia

DEPORTES

Muere apuñalada por su marido la plusmarquista mundial Agnes Jebet Tirop

LA VOZ



La atleta tenía el récord mundial en los 10 kilómetros en ruta y había sido cuarta en los Juegos Olímpicos de Tokio

A VIOLACIÓN, POLO SEU NOME

As agresións sexuais deben ser cualificadas como o que son, sen eufemismos, reviravoltas e moito menos detalles morbosos que, de novo, non aportan informativamente. É especialmente grave cando as informacións inclúen menores.



#ASÍNON



Condenan en Valladolid a un hombre que introdujo el pene en la boca de una niña de 22 meses, biznieta de su expareja



diariodevalladolid.elmundo.es

Condenado a 12 años de cárcel por introducir el pene en la boca de una bebé d...
El acusado, que ya contaba con una pena anterior por agresión sexual, acudió a la vivienda donde reside la menor al ser ésta biznieta de su expareja y mantene...

9:13 a. m. · 16 mar. 2021 · BesocyyOficial



#MELLORASÍ



agredió sexualmente a

Condenan en Valladolid a un hombre que [redacted]
[redacted] de una niña de 22 meses, biznieta de su expareja



diariodevalladolid.elmundo.es

Condenado a 12 años de cárcel por introducir el pene en la boca de una bebé d...
El acusado, que ya contaba con una pena anterior por agresión sexual, acudió a la vivienda donde reside la menor al ser ésta biznieta de su expareja y mantene...

9:13 a. m. · 16 mar. 2021 · BesocyyOficial

EVITA O QUE NON APORTA

Aportar detalles como o número de coiteladas que recibe unha vítima de violencia xénero é máis sensacionalista que informativo. Se non aporta informativamente, evítalo.




#MELLORASÍ

SU EXPAREJA HA SIDO DETENIDA

Muere una mujer tras ser apuñalada ~~siete veces~~ por su expareja en Torrejón (Madrid)

Los hechos ocurrieron sobre las 10 de la mañana de este lunes cuando a través del 091 se recibió una llamada que informaba de una mujer herida por arma blanca



Una ambulancia en Madrid. (EFE)

06

NON BANALICES A PROSTITUCIÓN

Entre o 80% e o 90% das mulleres que exercen a prostitución son vítimas de trata. A prostitución é outra forma de violencia de xénero, non é unha festa nin un divertimento, e nunca debe banalizarse.



#ASÍNON



#ASÍNON



Condenado en Ourense tras una noche de sexo, güisqui y cocaína: dejó sin un diente a una mujer en un piso de citas.

Traducir chio



laregion.es

Condenado en Ourense tras una noche de sexo, güisqui y cocaína
Dejó sin un diente incisivo a la mujer que regentaba un piso de citas

...

La madrugada del 23 de noviembre de 2018 acabó de la peor forma aunque empezó con otras pretensiones. Iván F.H. iba a desplazarse a los pocos días a Noruega para trabajar y **acudió a una casa de citas de la avenida de Portugal, en O Couto, para pasar una noche de fiesta por todo lo alto.** Pero el sexo, el güisqui, y la cocaína ingerida, entre tres y cuatro gramos, según su abogado, trastocó el plan. **Iván acabó detenido porque dejó sin un diente incisivo a una mujer de 71 años que alquilaba habitaciones** a jóvenes que se prostituían.

No era la primera vez que el inculpado iba a ese lugar y, según alegó durante la instrucción del caso, en días anteriores al incidente había notado al irse que le faltaba dinero de la cartera. **La noche que acabó mal -sostuvo- se lo recriminó a su compañera de cama y ahí se encendió otra vez la llama, pero, esta vez, de la ira.**

NON SINALES AS MULLERES

É demasiado habitual atopar enfoques informativos que sinalan as mulleres, mesmo cando os principais implicados son homes, e mesmo para xustificalos. Cómpre superar a Adán e Eva.



SUCESOS - 'Caso Samuel'

D., el presunto agresor principal de Samuel Luiz que estaba "cegado" por su novia

Los allegados a la pareja dicen que ella es "follonera" y "altanera" y a él le gustan los coches y hacía 'parkour', el deporte urbano de acrobacias



El presunto agresor de Samuel y su novia. EL MUNDO

NON BUSQUES EXPLICACIÓNS BANAIS

A violencia machista ten unha base sociolóxica, cultural e patriarcal probada. Buscar explicacións nos celos, banais, esotéricas ou sen rigor é unha práctica moi grave e contraria ao xornalismo.



#ASÍNON

elCorreoGallego



VIOLENCIA. Varios de los crímenes más mediáticos y violentos de los últimos tiempos se cometieron los días que el satélite lucía con su máximo esplendor // El Chicle, los padres de Asunta, Abet o Marcos Miras 'actuaron' en la fase llena TEXTO Antonio P. Fidalgo

¿Influye la luna? Tomás Gimeno se llevó a sus hijas y David Oubel mató a las suyas en dos días de plenilunio



SEÑALADOS. Tomás Gimeno con sus dos hijas pequeñas (en el centro en una foto cedida por la madre) y David Oubel en el juicio. Foto: E.P. y S.Sa



#ASÍNON



DESCONFÍA DO "ROMÁNTICO"

Existe un vínculo entre o romanticismo e a sociedade patriarcal que somete ás mulleres. Como profesionais da comunicación, debemos desconfiar dos discursos románticos e evitar a toda costa acoller "sorpresas" de exparellas ou pretendentes nos medios de comunicación.



La Voz de Galicia

La polémica encerrona de «Land Rober» a una joven para que se reencontrara con su exnovio en directo

LA VOZ



Roberto Vilar

Roberto Vilar pidió perdón entre lágrimas por dar cabida en el programa de TVG a lo que resultó ser un presunto caso de acoso: «Fallei eu»

10

A VECIÑANZA NON É UNHA FONTE VÁLIDA

As fontes de información para abordar a violencia de xénero deben ser directas e expertas. Recoller testemuños da veciñanza non é ético nin rigoroso.

Tampouco aportan as opinións de tertulianos e tertulianas de entretemento sen perspectiva de xénero.



EVITA OS DATOS PERSOAIS

Protexer a identidade das vítimas de violencia machista e das súas persoas achegadas é tamén unha responsabilidade no ámbito xornalístico, especialmente cando os datos persoais non aportan nada informativamente.



MÁIS CONSELLOS

FÓRMATE EN PERSPECTIVA DE XÉNERO

Existen numerosos cursos, guías e manuais para aprender a comunicar correctamente sobre violencia de xénero e, en xeral, con perspectiva de xénero.

Podes consultar algúns deles no apartado **Documéntate** da nosa web.




MÁIS CONSELLOS

APOSTA POLA LINGUAXE INCLUSIVA

A linguaxe ten unha importancia fundamental para acadarmos a igualdade. Canto máis inclusiva, menos discriminatoria. É importante coñecer de que falamos cando falamos de linguaxe inclusiva: "membras" non o é, alumnado, si.

Podes consultar a guía para o uso da linguaxe inclusiva do Ministerio de Traballo e Economía Social no apartado **Documéntate** da nosa web.



MÁIS CONSELLOS

TOMA A INICIATIVA NO TRABALLO

Tomar a iniciativa de comunicar con perspectiva de xénero, involucrar ás persoas coas que traballas e con responsables do medio de comunicación, propoñer iniciativas para comunicar en igualdade, etc., son algunhas accións que podes levar a cabo no teu posto de traballo para impulsar un xornalismo máis sensible e respectuoso coas mulleres.



PUBLICACIÓNS E GUÍAS

Guía para o uso da linguaxe inclusiva no INSST, O.A., M.P. (2021)

Manual de Estilo para o Tratamento da Violencia Machista e a Linguaxe Inclusiva nos Medios de Comunicación da Unió de Periodistes Valencians (2018)

Guía práctica para o tratamento informativo da violencia contra a muller do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (2017)

Guía Informa_Dor – Recomendacións profesionais sobre información e sufrimento humano do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (2017)

Taller de Comunicación e Xénero de La Marea e Oxfam Intermón (2017)

Recomendacións con Consello de Administración da CRTVG sobre o tratamento dos casos de violencia machista nos medios de comunicación públicos galegos (2015)

Decálogo para o tratamento informativo da violencia machista da Asociación de la Prensa de Madrid (2015)

Guía Medios de Comunicación e Violencia de Xénero da Xunta de Galicia (2007)

Informe O tratamento da violencia de xénero nos medios de comunicación galegos, de CIDACOM (2004)

Declaración de Compostela (2004)

Todas as publicacións están dispoñibles no apartado Documentate da web de Xornalistas Galegas · xornalistasgalegas.org



@asxornalistas



Xornalistas Galegas